

CONVENIO ESPECÍFICO ENTRE EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD Y BAYER HISPANIA, S.L., PARA LA FORMACIÓN “XVI AULA BAYER DE DEBATE SOCIOSANITARIO EN GALICIA”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa entidade BAYER HISPANIA, S.L., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia a partir da data da súa firma por todo o tempo necesario para o desenvolvemento das accións relacionadas co seu obxecto, tendo como data límite para o seu vencemento o 15 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

En desenvolvemento do convenio marco firmado entre as partes o 21 de abril de 2017, o obxecto deste convenio específico é que BAYER HISPANIA, S.L., leve a cabo unha acción formativa denominada “XVI Aula Bayer de Debate Sociosanitario Innovando en salud ” coa colaboración do Servizo Galego de Saúde, na que se abordará en profundidade temas relacionados coa Innovación, e-health e cronicidade, unha análise de proxectos de innovación desenvolvidos dende o Servizo Galego de Saúde centrados no empoderamento dos pacientes e a teleasistencia nos que se utilizaron procedementos de compra publica innovadora e unha posta en común dos diferentes puntos de vista dende a súa perspectiva dos actores que interveñen no proceso (equipos de xestión e dirección, profesionais, pacientes e empresas).

Tamén haberá un coloquio no que participaran os representantes dos Servizos Rexionais de Saúde e Consellerías de Sanidade das diferentes Comunidades Autónomas, para debater sobre a “Financiación de la Innovación en los Servicios de Salud: dónde la buscamos y cómo la gestionamos”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como actuacións prioritarias en materia de saúde o fomento da formación e a investigación científica, así como o fomento das actividades de investigación sanitaria como elemento fundamental de progreso. Concrétase a dita dita promoción da investigación no Plan Galego de Saúde e nas vixentes Estratexias de Innova Saúde e H2050.

BAYER HISPANIA, S.L., quere aliñarse cos obxectivos do Servizo Galego de Saúde expresados anteriormente, e implicarse como axente colaborador, mediante a expresión das pautas e liñas xerais contidas neste convenio marco, en relación á mellora e desenvolvemento de actividades de promoción da saúde, de interese compartido por ambas as dúas institucións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.